

PROGRAMA DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES POR CONVENIO BILATERAL

Convocatoria 2026-2027

Resolución do 13 de febreiro de 2026 pola que se convocan prazas de mobilidade por convenio bilateral para estudantes de grao, programas de simultaneidade (dobre grao) e mestrado universitario de máis de 60 ECTS da Universidade de Santiago de Compostela (USC) cara a universidades de países extracomunitarios

A USC convoca para o curso académico 2026-2027 prazas de mobilidade para a realización de estudos en diversas universidades de países extracomunitarios (países de América Latina, Asia, Estados Unidos e Canadá) coas que a USC ten formalizado un convenio bilateral de intercambio de estudantes.

De conformidade co art. 33 da Lei 39/2015, a esta convocatoria aplicaráselle o procedemento de tramitación de urxencia, quedando reducidos á metade os prazos ordinarios, excepto no caso das solicitudes e os recursos.

Esta convocatoria está suxeita á normativa do Programa Erasmus+ establecida polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), ao Regulamento de Mobilidade da USC aprobado en Consello de Goberno o 23 de xullo de 2025 (DOG de 8 de outubro de 2025) e ás seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA. OBXECTO, FINALIDADE E CONDICIÓN

1.1. O **obxecto** da presente convocatoria é establecer as bases reguladoras do proceso de intercambio ao abeiro do programa de mobilidade por convenio bilateral destinado ao estudantado da USC de grao, programas de simultaneidade e mestrados oficiais de máis de 60 ECTS durante o curso 2026-2027.

1.2. A **finalidade** do programa é ofrecer ao estudantado da USC a posibilidade de realizar estudos, durante un ou dous semestres, nas diversas universidades coas que a USC teña subscrito o correspondente convenio bilateral para intercambio de estudantes a nivel de institución, non restrinxido a titulacións ou áreas de estudo concretas.

1.3. As prazas ofertadas nesta convocatoria son as recollidas no **Anexo I** desta resolución, determinadas entre outros factores en función da vixencia dos convenios, da reciprocidade no envío e acollida de estudantes de intercambio, dos seus prazos de recepción de solicitudes ou da dispoñibilidade á recepción de estudantado.

1.4. En ningún caso se poderán conceder ao abeiro desta convocatoria prazas en institucións distintas ás recollidas no Anexo I nin máis prazas por universidade das que aparecen no devandito Anexo.

1.5. Os estudos realizados contarán con pleno **recoñecemento** pola USC de conformidade co establecido no acordo de estudos (véxase base decimoquinta) e pasarán a formar parte do expediente académico do/a estudante nesta institución.

1.6. Duración da mobilidade: As persoas seleccionadas para o intercambio realizarán a mobilidade no período que teñan indicado na solicitude e que debe corresponder ao primeiro semestre, ao segundo semestre ou ao curso completo 2026-2027 da USC, sempre segundo as datas marcadas polo calendario da universidade de destino.

O comezo das clases nas distintas universidades dependerá do seu calendario académico específico. O estudiantado de intercambio que non poida incorporarse fisicamente na data prevista decaerá nos seus dereitos. Non se aceptará a incorporación á universidade de destino en data posterior á sinalada por esta para o comezo do semestre.

1.7. Ampliación da estadía: O estudiantado que teña concedida unha mobilidade para o primeiro semestre poderá solicitar unha ampliación da súa estadía a un curso completo unha vez iniciada a mobilidade. Non serán susceptibles de ampliación as mobilidades anuais ou as correspondentes ao segundo semestre da USC.

Para solicitar esta ampliación a persoa interesada deberá recibir o consentimento por escrito do/a Responsable de Internacionalización do Centro (en adiante, RIC) ou coordinador/a bilateral e da universidade de acollida no formulario dispoñible para estes efectos. O estudiantado interesado deberá remitir o formulario asinado por ambas partes á Oficina de Mobilidade cun mínimo dun mes de antelación á data de fin de estadía inicialmente prevista. A Oficina de Mobilidade (OM) devolveralle unha copia asinada do documento de modificación de duración da estadía, confirmando a ampliación, de ser o caso. Unha vez concedida a ampliación, o estudiantado deberá tramitar cambios ao acordo de estudos para incluír nel as materias que cursará na universidade de acollida no segundo semestre, tendo en conta os requirimentos en canto ao máximo e mínimo de créditos para mobilidades anuais recollidas nas bases 13.3 e 12.6.

Se a estadía conta con financiamento Erasmus+ e dependendo da dispoñibilidade orzamentaria, poderá ampliarse tamén a contía da axuda. Non obstante, non se garante este extremo.

1.8. Redución de estadía: O estudiantado que teña concedida unha mobilidade anual poderá reducir a súa duración, ben no momento de aceptar a súa praza, ben posteriormente, empregando o formulario dispoñible para estes efectos. Deberá comunicalo por escrito ao/a RIC (ou coordinador/a bilateral) do seu centro na USC e á OM, así como á universidade de acollida e tramitar os cambios pertinentes no seu acordo de estudos, asegurándose de que a se adapta a súa matrícula na USC ao novo período de mobilidade (base decimosegunda). Nestes casos, o estudiantado terá dereito a reincorporarse á docencia na USC sempre que comunique a súa decisión firme de renunciar a un ou ambos semestres de mobilidade antes do remate do prazo de modificación de matrícula establecido na convocatoria de matrícula da USC. Transcorrido ese prazo, non se garante que o estudiantado poida reincorporarse á docencia da USC con normalidade.

SEGUNDA. REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

2.1. Nesta convocatoria poderá participar o estudiantado matriculado na USC no curso 2025-2026 en estudos de grao, programas de simultaneidade (dobre grao) ou másteres universitarios de máis de 60 créditos ECTS na data de fin de solicitudes. O estudiantado seleccionado para unha mobilidade deberá formalizar matrícula na USC na mesma titulación no curso 2026-2027.

2.2. A presente convocatoria non é de aplicación para o estudantado que finalice algunha das titulacións do parágrafo anterior no curso 2025-2026 nin para estudantado matriculado na USC como visitante ou en réxime de intercambio en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.

2.3. No caso das titulacións de grao, para a participación na convocatoria será necesario ter superado o 15% dos créditos do título. Este requisito deberá cumprirse con data 31/10/2025, non entrando no cómputo os créditos superados no curso 2025-2026.

Considerarase que o estudantado que teña solicitado recoñecemento de créditos cumpre este requisito se na data de peche da convocatoria figuran como superados no seu expediente académico como mínimo o 15% dos créditos da titulación.

O requisito de ter superado o 15% dos créditos non será de aplicación para o estudantado que inicie unha segunda titulación da mesma rama de coñecemento ou afín á que finalizou o curso anterior. Así, por exemplo, non rexerá este mínimo naqueles casos en que o/a estudante teña superado previamente un *minor* e estea a cursar un *maior* dunha titulación de grao.

2.4. As persoas con nacionalidade distinta da española deberán contar cun Número de Identificación de Estranxeiros (NIE), que lles será requirido pola OM no seu momento.

2.5. Serán excluídas de oficio as candidaturas do estudantado que:

- i) non presentase en prazo ou forma a súa aceptación ou renuncia formal ou renunciaran sen causa xustificada fóra de prazo en anteriores convocatorias de mobilidade da OM para o mesmo ciclo de estudos
- ii) incorrese en incumprimento grave dalgunha das condicións da mobilidade, tanto con respecto á universidade de orixe como á de destino.

2.6. Os requisitos xerais para participar nesta convocatoria deberán posuírse no momento que expire o prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o período de mobilidade.

TERCEIRA. REQUISITOS LINGÜÍSTICOS

3.1. Para os destinos de intercambio onde a lingua oficial sexa distinta do español ou portugués, o estudantado deberá acreditar, antes do fin do prazo de solicitudes, o coñecemento da lingua oficial do país de destino ou da lingua de uso da universidade de acollida. O nivel mínimo esixido a efectos de participación na convocatoria para estes destinos será o B1 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MCER).

3.2. Para poder participar na convocatoria, admitiranse como títulos oficiais acreditativos do nivel de idioma os recollidos na listaxe de títulos e certificados que figuran no Anexo II da convocatoria.

3.3. Como alternativa aos títulos anteriores, poderase acreditar o nivel de lingua mediante a superación da Parte A do nivel B1 (B1.A), B2 (B2.A) ou C1 (C1.A) das probas do Centro de Linguas Modernas (CLM), facéndoo constar no apartado correspondente na solicitude en liña. Para acreditar o nivel para esta convocatoria só se terán en conta as probas do CLM realizadas ata a data de peche da mesma. Os resultados serán comunicados directamente polo CLM á OM.

3.4. Non se esixirá acreditar o nivel de idioma a:

- i) Aquelas persoas que teñan como lingua materna a esixida para a universidade na que desexan realizar a mobilidade. Esta circunstancia deberase indicar e acreditar no momento de realizar a solicitude mediante unha copia do pasaporte ou da tarxeta de identidade estranxeira.
- ii) O estudantado das titulacións recollidas na Resolución Reitoral de 02/03/2023 que teña superadas as materias ou módulos necesarios para que se lles recoñeza o nivel B1, B2, C1 ou C2. Esta Resolución Reitoral está dispoñible en: <https://minerva.usc.es/entities/publication/1cf922e2-aa8a-4bd4-a791-3797d334038c>.
- iii) O estudantado das diferentes titulacións filolóxicas que opte a prazas en universidades nas que a lingua de instrución coincida coa dos seus estudos e que teña aprobado un mínimo de 12 créditos en materias da lingua instrumental.

3.5. Non obstante, certas universidades de destino poderán esixir ás persoas candidatas un nivel de idioma superior ao B1, e incluso a súa acreditación cun certificado ou diploma oficial específico, mesmo limitando a súa caducidade (p.e. expedición do título non anterior a dous anos). Só a título informativo, con carácter xeral, as universidades de Estados Unidos e Canadá solicitan a acreditación a través dos niveis e títulos seguintes:

TOELF <i>Paper based</i>	TOELF IBT	IELTS
500	61	6.0

3.6. É responsabilidade do estudantado consultar os requirimentos específicos das universidades respectivas para a realización do intercambio, mesmo no caso das ubicadas no Brasil. A USC non se responsabilizará naqueles casos nos que o estudantado poida ser rexeitado pola universidade de destino por non cumprir os requisitos lingüísticos.

CUARTA. AXUDAS ECONÓMICAS

4.1. A asignación dun destino por convenio bilateral non leva aparellada directamente a asignación dunha axuda económica. Porén, o estudantado seleccionado para este programa de mobilidade poderá optar a axudas que contribúan ao financiamento da súa mobilidade a través dos fondos Erasmus+ (KA131) ou que poidan ser convocadas por entidades ou organismos alleos á USC como a Xunta de Galicia.

4.1. Axudas Erasmus+ (Mobilidade internacional, KA131)

4.1.1. A Acción de política interior KA131 do Programa Erasmus+ permite a asignación dunha parte dos fondos a actividades de mobilidade internacional fóra dos países do Programa. A USC destinará 400.000€ dos fondos do Proxecto Erasmus+ 2025-1-ES01-KA131-HED-000319535 a financiar axudas a mobilidades que cumpran os requisitos seguintes e que se asignarán segundo o establecido na base oitava:

- i) Que, de ter realizado mobilidades Erasmus+ no mesmo ciclo de estudos (grao ou mestrado), a suma daquelas coa mobilidade que se solicita **non supere os 24 meses**

nos graos en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria **nin 12 meses** no resto das titulacións. Nos casos nos que o estudantado solicitante estea realizando ou vaia realizar unha mobilidade Erasmus+ no curso académico 2025-2026, condicionarase a concesión da nova mobilidade á duración da estadía no presente curso.

- ii) Que a universidade de destino asine o correspondente acordo interinstitucional Erasmus+ coa USC para permitir a mobilidade empregando os fondos E+.

4.1.2. As axudas contan con dúas compoñentes: apoio individual e axuda de viaxe:

- i) A contía do **apoio individual** vai parella ao período de mobilidade e corresponde a **700 euros/mes**, ou **950 euros/mes** en caso de cumprir os requisitos para ser considerado estudantado con menos oportunidades, segundo as condicións recollidas no punto 4.1.3. Establécese un máximo de financiamento de **4 ou 8 meses**, para estadias semestrais ou de curso completo, respectivamente. As axudas son aboadas na modalidade de prefinanciamento ao inicio da actividade coas datas previstas, aínda que a determinación final do período de mobilidade se realiza en base ao certificado de fin de estadía emitido pola universidade de acollida ao final da mobilidade. Se finalmente o período de mobilidade é menor á asignación prevista, o/a estudante deberá devolver a parte proporcional da axuda económica recibida. Se a estadía é **inferior a dous meses**, terá que devolver a cantidade íntegra.
- ii) A contribución para a **axuda de viaxe** está baseada na distancia entre o lugar de estudo na USC (Santiago de Compostela ou Lugo) e o lugar no que se desenvolva a mobilidade na universidade de destino, calculada coa ferramenta de medida de distancias da Comisión Europea para a mobilidade Erasmus+: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm segundo os tramos de distancia seguintes.

Distancia	Viaxe estándar (por participante)
Entre 10 e 99 km	28 €
Entre 100 e 499 km	211 €
Entre 500 e 1.999 km	309 €
Entre 2.000 e 2.999 km	395 €
Entre 3.000 e 3.999 km	580 €
Entre 4.000 e 7.999 km	1.188 €
8.000 km ou máis	1.735 €

4.1.3. Terá a consideración de estudantado de menos oportunidades o que se atope nalgunha das situacións seguintes durante o período de mobilidade:

- i. Ter sido beneficiario/a dunha bolsa de estudos de carácter xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes para realizar estudos universitarios no curso 2025-2026 ou no 2026-2027.
- ii. Percibir a unidade familiar unha prestación de Ingreso Mínimo Vital / Renda Mínima de Inserción o calquera outra prestación de igual ou similar natureza, segundo a denominación adoptada en cada Comunidade Autónoma.
- iii. Pertencer a unha familia numerosa ou monoparental ou estar en situación de orfandade.

- iv. Ter a condición de refuxiado/a ou ter dereito á protección subsidiaria ou ben ter presentada a solicitude de protección internacional en España.
- v. Ter recoñecida legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento. Ademais, este estudantado poderá recibir axudas superiores para cubrir gastos adicionais de apoio á inclusión do Programa Erasmus+.

4.1.4. Esta axuda da UE non terá que ser solicitada polo/a estudante, senón que a USC, como entidade colaboradora, aboaraa ao estudantado segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

4.2. Bolsas da Xunta de Galicia

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia pode convocar axudas económicas para o estudantado de calquera das universidades desta comunidade autónoma que teñan concedida unha praza de mobilidade con destino en países extracomunitarios. Na convocatoria anterior, a Consellería excluía destas axudas ao estudantado de mestrados, aquel que xa tivese obtido esta axuda en cursos anteriores e quen participe en programas de mobilidade no ámbito do programa Erasmus+. Tamén se excluía ao estudantado que, con nacionalidade distinta á española ou con dobre nacionalidade, realizase a mobilidade no seu país de orixe ou nalgún do cal é nacional.

A Oficina de Mobilidade informará puntualmente ao estudantado de convenio bilateral da publicación destas axudas, que deberán ser solicitadas directamente pola persoa interesada á Consellería conforme o procedemento establecido nas bases da convocatoria.

4.3. Axudas do Banco Santander

O estudantado seleccionado para realizar unha mobilidade por convenio bilateral no curso 2026-2027 poderá optar ás axudas complementarias convocadas polo Banco Santander cunha dotación individual de 1.500 euros. Para iso deberá formalizar a súa solicitude a través da plataforma de axudas de dita entidade até o **16 de marzo de 2026**. Trátase dunha axuda competitiva que será outorgada a un máximo de 40 estudantes, baseando a concesión na cualificación media do seu expediente académico. O estudantado seleccionado para realizar unha mobilidade será informado no seu momento dos trámites que precisa realizar para formalizar a solicitude desta axuda, que deberá ser solicitada a través da Plataforma **Santander Open Academy** (<https://app.santanderopenacademy.com/es/program/movilidad-internacional-no-erasmus-2026>).

4.4. O estudantado seleccionado que posúa axudas ou préstamos de carácter nacional, seguirá percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos no estranxeiro, agás que a convocatoria da axuda da que se trate estableza a súa incompatibilidade.

4.5. A USC, como mera entidade colaboradora, non garante a existencia nin determina as contías nin a duración das axudas recollidas nos parágrafos anteriores. Estas son mencionadas a efectos informativos e, en ningún caso, comprometerán legalmente á USC. A USC tampouco será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polo estudantado durante o período da súa mobilidade.

QUINTA. SOLICITUDES

5.1. As solicitudes de mobilidade deberán realizarse en liña, a través da Secretaría Virtual do estudantado (<https://sec-virtual.usc.es/Secretaria/>), desde o día seguinte á publicación da convocatoria **até o 9 de marzo de 2026** (23:59h).

5.2. Para ser admitidas ao procedemento de selección, as persoas solicitantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidos, á data de peche do prazo de solicitude.

5.3. Realizarase unha solicitude de máximo **5 destinos** presentados por orde de preferencia, que será respectada no proceso de asignación e non poderá ser modificada unha vez pechado o prazo de solicitudes.

5.4. No caso de solicitar destinos con requisito lingüístico, deberá cargarse no campo establecido para tal efecto na aplicación informática a documentación requirida na base terceira (documentos en formato PDF, RTF, DOC, DOCX, ODT ou JPG; Peso máximo 2 MB). De non presentarse ningún destes documentos ou non indicar causas de exención, a solicitude quedará excluída para o destino con requisito lingüístico. A documentación poderá achegarse na fase de emendas de solicitudes, sempre que quede demostrado que tal requisito se reunía antes do fin de prazo de presentación de solicitudes.

5.5. Terase como válida a última solicitude concluída correctamente na aplicación informática antes do fin do prazo de presentación de solicitudes.

5.6. A OM poderá requirir ás persoas solicitantes os documentos orixinais en calquera momento do proceso.

5.7. A presentación da solicitude de mobilidade implica a total aceptación das bases por parte da persoa solicitante.

5.8. Nos casos nos que, por motivos técnicos imputables á USC, non sexa posible realizar a solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual, a persoa afectada deberá presentar un escrito no Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>) dirixido á OM indicando esta circunstancia. De non presentar este escrito dentro do prazo de solicitude, a candidatura non será admitida ao proceso de selección.

5.9. Os actos derivados da presente convocatoria, así como a resolución definitiva, publicaranse no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica. (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) e supletoriamente na páxina web Internacional da USC (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudiantes/convenio-bilateral-saintes/convocatoria-convenio-bilateral-2026-27>).

SEXTA. INSTITUCIÓNS DE DESTINO

6.1. Os convenios bilaterais que rexen a mobilidade desta convocatoria están asinados entre as institucións de xeito global e non se restrinxen a áreas de estudo concretas. Aínda que potencialmente poderían admitirse intercambios en todas as titulacións impartidas, as universidades poden abrir ou limitar o intercambio a titulacións concretas ou establecer

condicións específicas.

6.2. Nos Anexos I e II consta o número total de prazas ofertadas para cada universidade de destino. Dentro dese número máximo, algunhas universidades limitan o número de estudantes dunha mesma titulación que poden recibir, circunstancia que será tida en conta pola OM na asignación de destinos (base oitava).

6.3. Tendo en conta todo o anterior, é responsabilidade das persoas interesadas facer unha escolla acorde á súa titulación e perfil académico, segundo o seguinte:

- i. Comprobar no Anexo I a listaxe de universidades ofertadas e as posibles restricións, cando figuren expresamente. Pode haber universidades que non teñan informado directamente sobre as súas restricións.
- ii. Comprobar nas páxinas web e na documentación proporcionada polas universidades socias (dispoñible na intranet da OM [Convenio Bilateral 26-27](#)) as seguintes cuestións:
 - a. que a súa titulación se atopa entre as que oferta esa universidade e que non consta restrición ao intercambio;
 - b. que as materias que pretende incluír no acordo académico están ofertadas no período no que se pretende realizar o intercambio;
 - c. que se reúnen os requisitos específicos establecidos pola universidade de destino na súa páxina web (p.e., títulos específicos de linguas e data de caducidade dos mesmos, lingua de impartición da docencia, media mínima de expediente académico etc.);
 - d. que o calendario académico dos destinos solicitados é compatible cos seus estudos na USC e con posteriores estudos que desexa emprender, como prazos de admisión a másteres, programas de doutoramento etc.).
- iii. Reunirse co/a RIC (ou coordinador/a bilateral) do seu centro na USC para revisar a escolla de universidades e materias e recibir asesoramento antes de completar a solicitude.
- iv. Indicar o período de estudos no que se desexa realizar o intercambio.

6.4. A USC non se responsabilizará naqueles casos nos que o estudantado poida ser rexeitado pola universidade de destino por non cumprir os requisitos publicados nalgún dos medios anteriores.

6.5. Independentemente do proceso de solicitudes na USC, as universidades de acollida resérvanse o dereito á admisión das persoas candidatas, sen que iso leve aparellada unha reasignación de destino.

SÉTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

7.1. As solicitudes que cumplan os requisitos desta convocatoria serán aceptadas como candidaturas válidas para participar no proceso de asignación de destinos. Finalizado o prazo de solicitudes, a OM publicará na Sede electrónica da USC a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.

7.2. As solicitudes que non acheguen toda a documentación esixida na presente convocatoria

aparecerán como excluídas. Non obstante, disporase dun prazo de **5 días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación para emendar as solicitudes a través do Rexistro Electrónico da USC <https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm>.

7.3. As persoas non interesadas en continuar co procedemento poderán tamén desistir expresamente de participar no proceso de asignación de destinos, circunstancia que se fará constar na resolución coa publicación da listaxe provisional. Unha vez resoltas as emendas e os desistencias, publicarase a listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas, xunto coa asignación provisoria de destinos.

OITAVA. ASIGNACIÓN DE DESTINOS

8.1. O proceso de asignación de destinos será competencia da OM. A Comisión de Asignación estará formada pola Xefa da OM, que actuará como presidenta, e por dous membros do persoal da OM, un dos cales actuará como secretario/a.

8.2. Os destinos serán asignados unicamente en base aos solicitados por cada estudante e por estrita orde de media académica. A cualificación media que se terá en conta será a media do expediente a data 31/10/2025, conforme ao Protocolo de colaboración do 27 de xuño de 2011 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos de acordo co establecido no RD 1125/2003. No caso do estudantado de máster, terase en conta a cualificación media de admisión ao máster.

8.3. En caso de empate no expediente entre dúas candidaturas que solicitan a mesma universidade tomaranse en consideración como criterios supletorios, por esta orde, os seguintes: 1) maior nivel de idioma para os destinos con requisitos lingüísticos; 2) maior número de créditos superados; e, no caso de persistir o empate; 3) menor número de convocatorias consumidas para a superación das materias do plan de estudos correspondente no conxunto do expediente académico; e 4) orde alfabética do primeiro apelido das persoas aspirantes empatadas, comezando a orde pola letra resultante do último sorteo por Resolución de 12 de xaneiro de 2026 da Consellería de Facenda e Administración Pública, que corresponde á letra “M”.

8.4. Non se asignará unha praza alternativa ao estudantado que fose rexeitado por unha universidade de acollida por non existir nela a súa titulación ou por restricións expresas desa titulación para o intercambio na información proporcionada no Anexo I, na documentación dispoñible na intranet da OM ou na web pública da institución de acollida con información sobre o intercambio.

8.5. Nos casos en que, aínda existindo a titulación na universidade asignada, a persoa proposta para o intercambio non atope materias coas que elaborar un acordo académico factible no semestre da súa estadia, poderá pospoñer a súa incorporación á universidade de acollida ao seguinte semestre. Isto só aplica ás mobilidades que se ían realizar no primeiro semestre da USC ou ás mobilidades anuais que se acurtarían a semestrais para realizalas no segundo

semestre da USC. En caso de que tampouco sexa posible a formalización dun acordo de estudos semestral, o estudiantado poderá renunciar á estadía sen penalización.

8.6. As persoas interesadas poderán presentar reclamacións contra a asignación provisional de destinos (base oitava), no prazo de 5 días naturais, contados dende o día seguinte á data da súa publicación.

NOVENA. RESOLUCIÓN DEFINITIVA

9.1. Transcorrido ese prazo e analizadas e resoltas, de ser o caso, as reclamacións, publicarase a proposta definitiva de asignación de destinos na Sede electrónica da USC. Contra esta relación definitiva poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o órgano convocante no prazo dun mes desde a súa publicación.

9.2. O estudiantado que non teña destino asignado na listaxe definitiva, de ser o caso, poderá optar a un destino entre aqueles que non tivesen sido solicitados por outras persoas candidatas, sempre que os prazos permitan a correcta nominación. A orde de escolla será en función da media do expediente establecida na base 8.2. e haberá de realizarse no prazo aberto pola OM para tal fin, que será debidamente comunicado ás persoas afectadas.

9.3. A asignación de axudas Erasmus+ establecerase nunha resolución posterior, respectando en todo o caso o establecido na base 4.1.1 e 8.2 e en función da dispoñibilidade dos fondos.

DÉCIMA. ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

10.1. Tras a publicación da proposta definitiva, a OM facilitará ao estudiantado seleccionado os impresos de aceptación e renuncia para que, nun prazo de 5 días naturais, acepte ou rexeite a praza concedida.

10.2. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen causa xustificada debidamente acreditada serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias da OM. Aplicarase esta mesma penalización ao estudiantado que non presente a súa aceptación ou renuncia por escrito dentro do prazo establecido.

10.3. A aceptación dunha praza de intercambio por convenio bilateral para o curso completo implicará a renuncia á participación en convocatorias doutros programas de mobilidade da USC para o mesmo período. Este estudiantado será excluído doutros programas de mobilidade convocados pola OM aos que concorrese para o mesmo período de tempo, sen prexuízo de que deba presentar tamén a renuncia formal a ese programa. Non obstante, poderá aceptar unha praza por convenio bilateral e optar a outra doutro programa de mobilidade dentro do mesmo curso académico se estas son para semestres distintos.

DECIMOPRIMEIRA. OBRIGAS DO ESTUDANTADO SELECCIONADO

11.1. Unha vez aceptada a mobilidade por convenio bilateral, a OM enviará a súa selección de estudantes a cada institución de acollida ("nominación"). A continuación, o estudiantado deberá:

- i. Completar e enviar á universidade de destino os formularios de candidatura (*Application form*) co resto da **documentación** requirida por esta dentro dos prazos e na forma

establecidos por esa institución. A xestión e envío desta documentación é unha responsabilidade exclusiva da persoa candidata.

- ii. Asegurarse de recibir a **carta de aceptación**, emitida pola universidade de acollida unha vez estudada a documentación da candidatura enviada polo estudantado. A aceptación das persoas candidatas é competencia exclusiva da universidade de destino e este documento é imprescindible para a obtención do visado.
- iii. Formalizar un **acordo de estudos** (*Learning Agreement*; ver base decimosegunda), con data límite de **31 de maio de 2025** para as mobilidades do primeiro semestre ou de curso completo, e de **31 de outubro de 2025** para as mobilidades do segundo semestre.
- iv. Especificamente para as mobilidades con financiamento Erasmus+, antes do inicio da mobilidade
 - a. A USC e cada persoa seleccionada asinarán un **convenio de subvención** cunhas cláusulas mínimas sobre as condicións da mobilidade, que será facilitado ao estudantado no seu debido momento. O estudantado ten a obriga de cumprimentar, asinar e proporcionar este documento á OM e de conservar unha copia asinada por ambas partes.
 - b. O estudantado realizará unha proba de avaliación lingüística a través da plataforma [Online Language Support \(OLS\)](#) do idioma no que se recibirá a docencia na universidade de acollida antes do comezo da mobilidade e unha segunda proba ao remate da mesma, salvo que a lingua fose o español. O estudantado seleccionado será informado debidamente pola OM.
- v. Formalizar o **seguro de responsabilidade civil e asistencia en viaxe** obrigatorio para o estudantado de intercambio, abonándoo xunto coa matrícula (base 13.6). De precisar a súa contratación con anterioridade ás datas de matrícula, o estudantado fará chegar unha petición á OM, que o informará sobre o proceso de contratación anticipada.
- vi. Solicitar o **visado de estudante** na embaixada / consulado en España do país correspondente. É responsabilidade do estudantado informarse na embaixada dos requisitos e documentación que precise e facer a solicitude de visado coa antelación suficiente, así como dos consellos de seguridade para o país publicados polo [Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación](#). A renuncia á mobilidade causada pola deficiente xestión do visado por parte do estudantado dará lugar ás penalizacións expresadas na base 11.2.
- vii. Acreditar perante a OM a **data da súa chegada á Universidade de destino e a data de fin de presenza**, mediante a remisión por correo electrónico a bilateral.exchange@usc.gal (Santiago) ou international.lugo@usc.gal (Lugo) dos impresos correspondentes (modelo facilitado pola OM no seu sitio web) debidamente asinados e selados pola institución receptora. No caso do estudantado beneficiario da axuda Erasmus+, o incumprimento desta obriga implicará a devolución da totalidade da axuda económica recibida. Este certificado orixinal ou asinado dixitalmente deberá ser entregado na OM no prazo dun mes despois da finalización da estadía, que para o estudantado con axuda Erasmus+ non poderá ser posterior ao 31 de xullo de 2027.

- viii. Realizar na universidade de destino os **estudos** para os que se lle outorgou a mobilidade ata o final do seu período de mobilidade.
- ix. Obter a **certificación académica** (*Transcript of records*) coas cualificacións, sexa de superación da materia ou de suspenso, das materias que figuran no seu acordo de estudos definitivo, para un mínimo de 40 créditos ECTS (ou equivalentes) en estadias de curso completo e un mínimo de 20 créditos ECTS (ou equivalentes) en estadias dun semestre.
- x. O estudiantado beneficiario da axuda Erasmus+ ten a obriga de realizar ao finalizar a súa estadía un informe final a través da plataforma que a UE ten habilitada para este propósito (*EU Survey*). Este informe é obrigatorio e debe ser cumprimentado nun prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da invitación por correo electrónico.

11.2. O estudiantado que incumpra algunha destas obrigas considerarase decaído nos seus dereitos, e estará suxeito á penalización de exclusión en futuras convocatorias da OM, se se considera que o incumprimento é responsabilidade do/a estudante.

DECIMOSEGUNDA. ACORDO DE ESTUDOS

12.1. Con carácter previo á súa incorporación á universidade de destino e contando co asesoramento e aprobación do/a correspondente RIC (ou coordinador/a bilateral) do centro, o estudiantado seleccionado deberá formalizar un acordo de estudos. O acordo de estudos inicial e as súas posibles modificacións son a base do posterior recoñecemento de estudos e deberán ser aprobados polo/a RIC (ou coordinador/a bilateral) do centro en nome da USC, así como pola persoa responsable na universidade de acollida.

12.2. No acordo de estudos incluíranse as materias que se van cursar na universidade de destino, así como as materias correspondentes ao plan de estudos que o/a estudante está cursando na USC e cuxo recoñecemento se vai obter como consecuencia da superación daquelas.

12.3. O acordo de estudos terá carácter vinculante sempre que estea asinado pola USC e a institución de acollida e se cumpran os requisitos establecidos para o intercambio, o plan de estudos do/a estudante e as normas de matrícula e permanencia. O acordo de estudos proposto polo/a estudante e RIC (ou coordinador/a bilateral) da USC poderá ser rexeitado pola institución de acollida. Se a proposta de acordo de estudos non é aceptada na universidade de acollida, o estudiantado terá que reelaboralo, aínda que xa estea rematado o prazo para a elaboración do mesmo. Unha vez asinado por ambas universidades, non se admitirán a trámite modificacións do acordo de estudos antes da incorporación do estudiantado á universidade de acollida.

12.4. O estudiantado poderá incluír materias suspensas no acordo de estudos consonte o artigo 21.4 do Regulamento de Mobilidade da USC dispoñible en <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudiantes/normativa-mobilidade>. O estudiantado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos nos que estivera matriculado, sen contar o curso en que vaia realizar a mobilidade. Así, un/unha estudante matriculado/a en cuarto curso no ano que realice o intercambio podería incluír ata un máximo de tres materias suspensas dos cursos previos, independentemente do número de anos en que teña formalizado matrícula. Non poderá matricularse do resto das materias suspensas, agás que o seu intercambio sexa dun semestre. Neste caso deberá matricularse na USC das

materias suspensas do período en non vaia realizar a mobilidade. As materias que aparecen no expediente como “Non presentado” non forman parte deste cómputo.

12.5. No acordo de estudos poderá figurar un número de créditos baixo a epígrafe “Créditos optativos xenéricos – programa de intercambio”, naqueles casos onde as materias que o estudantado vaia cursar na universidade de acollida non coincidan con materias da súa titulación na USC. e ben constarán como créditos optativos xenéricos na parte do acordo de estudos correspondente á USC, na parte correspondente á universidade de acollida deberán figurar as materias ou actividades coa súa denominación concreta. O número de créditos optativos xenéricos ten que coincidir exactamente co número de créditos ECTS da materia na universidade de acollida, non podéndose recoñecer por créditos optativos xenéricos os excedentes de créditos das materias cursadas en destino e que sexan recoñecidas contra materias da USC. A modo de exemplo: unha materia de destino de 9 ECTS non poderá ser recoñecida por unha da USC de 6 ECTS máis 3 créditos optativos xenéricos; só se poderán recoñecer os 6 ECTS da materia na USC. Tanto a denominación específica das materias cursadas como os créditos aplicables a cada materia realizada na universidade de acollida deberán figurar na resolución de recoñecemento de estudos.

12.6. O número de créditos que ordinariamente se incluírán no acordo de estudos é o equivalente a 60 ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 30 ECTS para un semestre. De forma excepcional e debido a circunstancias académicas acreditadas, para mobilidades anuais o estudantado poderá incluír no acordo un mínimo de 40 ECTS e un máximo de 75 ECTS (90 ECTS en programas de simultaneidade). Para mobilidades semestrais, o estudantado poderá incluír excepcionalmente un mínimo de 20 ECTS e un máximo de 36 ECTS (45 ECTS en programas de simultaneidade). Corresponderá aos centros decidir se concorren as circunstancias académicas para que o estudantado poida incluír no acordo máis ou menos créditos dos ordinarios, sempre respectando os límites máximos e mínimos absolutos recollidos na base 13.3.

12.7. O período de estudos poderá incluír unha formación práctica e traballos academicamente dirixidos ou similares, se estes traballos figuran no plan de estudos. Os traballos de fin de grao ou máster poderán defenderse ben na USC, ben na universidade de destino, segundo quede establecido pola regulamentación xeral de traballos de fin de grao/máster da USC e a regulamentación do centro no que estea matriculado/a o/a estudante.

12.8. O acordo de estudos poderase modificar ata un mes despois do comezo das clases na universidade de acollida. A modificación seguirá o procedemento previsto para a elaboración do documento inicial. O estudantado que realice unha estada de curso completo terá un prazo adicional para a modificación do acordo de cara ao segundo semestre durante o primeiro mes desde o inicio do período lectivo do segundo semestre na universidade de acollida. Neste segundo prazo só se poderán modificar as materias que a universidade de acollida imparta no segundo semestre, quedando expresamente excluídas as impartidas no primeiro.

12.9. Finalizado o prazo dun mes, a modificación do acordo de estudos só se autorizará por causas extraordinarias e debidamente xustificadas (por exemplo, o incumprimento das normas de matrícula ou permanencia ou cambios na oferta académica da universidade de acollida).

12.10. Toda modificación do acordo de estudos que afecte ás materias da USC levará aparellada a modificación da matrícula, a cal se fará de oficio, sen prexuízo da obriga do estudantado de verificar que os cambios se levan a cabo correctamente.

12.11. A data límite para entregar o acordo de estudos no decanato ou dirección do centro é o **31 de maio de 2025** para as mobilidades do primeiro semestre ou de curso completo e o **31 de outubro de 2025** para as mobilidades do segundo semestre.

13.12. Non poderán realizarse modificacións do acordo de estudos con posterioridade á resolución do recoñecemento.

DECIMOTERCEIRA. MATRÍCULA

13.1. Formalizado o acordo de estudos, o estudantado deberá matricularse na USC do total dos créditos incluídos no acordo de estudos dentro dos prazos ordinarios establecidos. A matrícula na USC reportará os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de Galicia e calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración como estudante da USC para todos os efectos.

13.2. As Unidades de Xestión Académica (UXA) procesarán de xeito provisional a matrícula do estudantado que presente un acordo de estudos que non conte coas sinaturas da universidade de acollida, á espera de que as persoas afectadas remitan á OM o documento completado con todas as sinaturas **no prazo dun mes dende a súa chegada á universidade de acollida**.

13.3. Se o período de mobilidade é dun semestre, unicamente se poderá formalizar matrícula para render exame na USC nas materias que non se correspondan co semestre de mobilidade. O estudantado tamén poderá matricular os traballos de fin de grao e mestrado e as prácticas para realízalos na USC sen telos incluídos no acordo de estudos, sempre e cando cumpran os requisitos regulares para facelo. O número máximo de créditos dos que se pode matricular o estudantado sumando as materias incluídas no acordo de estudos e as non incluídas nel é de 75 ECTS como norma xeral e de 90 ECTS en programas de simultaneidade.

13.4. O estudantado seleccionado estará sometido ao réxime de estudos da universidade de destino e disporá das convocatorias de exame que esta teña establecidas. Non obstante, permitiráselle presentarse aos exames de segunda oportunidade na USC das materias cursadas na universidade de destino sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- i. Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- ii. Que a materia da titulación de orixe teña contidos equivalentes aos da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso o estudantado poderá presentarse a exame na USC de materias das que estea matriculado na universidade de destino e que non existan no plan de estudos da súa titulación na USC.
- iii. Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (p.e. sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

13.5. A solicitude de presentación á segunda oportunidade deberá realizarse perante o/a RIC (ou coordinador/a bilateral) na USC por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do período de exames de segunda oportunidade. O/A RIC (ou coordinador/a bilateral) autorizará ou desestimará a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e comunicaro con antelación suficiente antes da avaliación ao/a docente

responsable da materia e á persoa interesada. A Unidade de Xestión de Centro e Departamentos (UXCD) de cada centro comunicará á UXA correspondente a relación do estudantado que se vai acoller a esta posibilidade para que esta lle retire a condición de estudante de intercambio na acta e que poida ser cualificado/a.

13.6. De xeito complementario ao seguro escolar de subscrición obrigatoria para todo o estudantado da USC, o estudantado seleccionado para unha mobilidade por convenio bilateral terá que subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes que ten establecido a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos pola institución de acollida. A contratación de dito seguro está vinculada á matrícula para o período de intercambio e a póliza poderá ser descargada dende a Secretaría Virtual do estudantado.

DECIMOCUARTA. INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

14.1. O estudantado deberá realizar a súa inscrición na universidade de destino e os trámites administrativos que esta determine de acordo coas súas propias normas de organización, co respectivo programa ou convenio de mobilidade estudantil e coa información facilitada desde a USC.

14.2 O estudantado estará exento do pago de taxas académicas (en concepto de matrícula, inscrición, exames, uso de laboratorios, bibliotecas etc.) na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Non obstante, a institución de acollida pode esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, a afiliación a sindicatos de estudantes e/ou o uso de materiais ou servizos diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio etc. nas mesmas condicións que o estudantado propio desa institución. Tamén pode esixir a contratación dun determinado seguro de saúde.

14.3. É responsabilidade do estudantado realizar a solicitude de admisión na universidade de destino en tempo e forma. Os casos en que o estudantado non sexa admitido por non presentar a súa solicitude en tempo ou consonte as esixencias da universidade de acollida serán considerados renuncias fóra de prazo e implicarán unha penalización para futuras convocatorias de programas de mobilidade xestionados pola OM.

DECIMOQUINTA. RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTO DOS ESTUDOS REALIZADOS

15.1. Unha vez finalizada a súa estadía na universidade de destino, é responsabilidade do estudantado obter do órgano competente nesa universidade a certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias, os créditos obtidos e a cualificación acadada.

15.2. No caso de cualificacións emitidas en formato dixital polas universidades estranxeiras, estas só se considerarán válidas nos casos en que se poida comprobar a súa autenticidade por medios electrónicos. ou que sexan enviadas directamente polas universidades de acollida ás direccións dos centros ou á OM. Non se admitirán acreditacións electrónicas procedentes en exclusiva do propio estudantado. A USC non se responsabilizará naqueles casos nos que, debido a unha recepción tardía do certificado académico da universidade de acollida, o estudantado non

poida cumprir con prazos específicos do seu interese (p.e. de admisión en másteres, TFG/TFM, prácticas etc.) do mesmo ou seguinte curso académico.

15.3. Recibida a certificación académica oficial da universidade de destino, o/a RIC (ou coordinador/a bilateral) fará chegar á UXCD do seu centro a proposta de resolución de recoñecemento de estudos. A proposta fixará as materias para as cales se propón o recoñecemento, o número de créditos e as cualificacións acadadas, que en ningún caso poderán ser diferentes das que figuren na certificación académica oficial expedida pola universidade de destino. Desde a UXCD verificarase que se corresponde co recollido no acordo de estudos, coa matrícula formalizada e coa certificación académica oficial da universidade de destino.

15.4. A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola UXCD do centro ao/á decano/a ou director/a do centro para que emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada á persoa interesada e remitida á UXA correspondente acompañada das certificacións para a súa custodia no expediente documental do/a estudante e para que proceda á imputación das cualificacións no seu expediente académico. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Mobilidade da USC, os da normativa sobre recoñecemento e os do plan de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poidan incluír.

15.5. Non serán recoñecidos estudos realizados que non figuren no acordo de estudos, nin daqueles dos que o/a estudante non se matriculase previamente na USC, sen prexuízo de que se poidan facer constar no Suplemento Europeo ao Título (SET).

15.6. As cualificacións trasladadas ao expediente académico serán as que figuren na certificación expedida pola universidade de destino, sen que se poida realizar ningún tipo de ponderación. A resolución de recoñecemento debe trasladar as cualificacións outorgadas ao sistema español tal como veñen recollidas na certificación emitida pola universidade de acollida, seguindo a normativa de recoñecemento de estudos en réxime de intercambio da USC e as táboas de referencia dispoñibles no sitio web da OM (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudiantes/normativa-mobilidade>).

15.7. O recoñecemento dos estudos queda supeditado ao cumprimento de todas as obrigas por parte do estudantado de intercambio.

DECIMOSEXTA. RÉXIME XURÍDICO

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que ditou a presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos

123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do
procedemento administrativo común das administracións públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/02/2026 13:49:47.

CSV: AEDC-3A5B-4AB9-A66F